“ Construíndo futuro dende o rural, cada persoa conta”

PLAN ANUAL

2026

Asociación Amipa • Reitoral de San Tomé de Sorribas • 15980 Rois • 981 817 202 • 669 051 747 • amipa@asociacionamipa.gal • www.asociacionamipa.gal

SOMOS...

AMIPA-Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Sar, constitúese como Entidade de Utilidade Pública no ano 1997.
Conta cun centro ocupacional con 24 prazas públicas autorizadas, sendo o único recurso na comarca para atender ao colectivo de persoas con discapacidade intelectual. As instalacións de dito centro foron cedidas polo Arzobispado de Santiago de Compostela.

Con máis de 25 anos de traxectoria e experiencia na atención ao colectivo de persoas con discapacidade intelectual,

O noso **PROPÓSITO** é...

> Contribuír a unha sociedade inclusiva onde todas as persoas, con independencia das súas capacidades, poidan vivir con dignidade, oportunidades e plenitude no rural.

Temos como **MISIÓN** ser unha asociación na que...

> Apoiamos e acompañamos as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias para acadar unha vida elixida, xerando oportunidades dende o respecto e a ilusión e promovendo a inclusión na comunidade nunha contorna rural.

E a nosa **VISIÓN** de cara a un futuro é:

> Ser unha entidade de referencia no ámbito rural que transforma a comunidade en espazos abertos, plenamente inclusivos, sostibles e solidarios.

Os nosos VALORES son:

1. RESPECTO:	Cada persoa en AMIPA debe ser tratada con consideración e atención, con palabras e de xeito que teñan en conta as nosas diferenzas, decisións e ritmos.
2. IGUALDADE:	Todas as persoas en AMIPA, mulleres e homes, temos as mesmas oportunidades, dereitos e deberes e somos tratadas por igual, recoñecendo as diferenzas de cada persoa.
3. CONFIANZA:	Construímos relacións baseadas na honestidade, na transparencia e no respecto mutuo. Xeramos espazos seguros onde as persoas, as familias e o equipo se sintan escoitadas, valoradas e acompañadas.
4. COMPROMISO:	As persoas de AMIPA cumprirmos coas nosas obrigas e pactos, participamos e somos responsables.
5. COIDADO:	Fomentamos o coidado mutuo entre todas as persoas da organización, promovendo benestar, respecto e empatía.
6. INCLUSIÓN:	Todas as persoas, independentemente das súas características, temos igualdade de oportunidades, dereitos e participación plena na comunidade.
7. PARTICIPACIÓN:	Todas as persoas opinan, deciden e forman parte activa da vida da entidade e da comunidade
8. RESPONSABILIDADE:	Cada persoa actúa con compromiso, coherencia e transparencia, cumprindo cos acordos e coidando os recursos.
9. SINGULARIDADE:	Recoñecemos que cada persoa é única e adaptamos os apoios aos seus ritmos, capacidades, talentos e proxectos de vida.

LIÑAS DO PLAN ANUAL

OBXECTIVO 1 Apoiar e acompañar ás persoas para desenvolver os seus proxectos de vida atendendo ás preferencias, intereses, talentos, necesidades e desexos persoais.

Accións

1.1. Deseñar, executar e avaliar o PAI (Programa de Atención Individual) de cada persoa mediante un proceso participativo persoa-profesional-familia.	
Responsable	Área de Calidade de Vida
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Acadados os obxectivos formulados no PAI de cada persoa.
Indicador	- PAI - Valoración Integral - Conformidade familia - Plan de coidados - Rexistro do Plan de Coidados - Índice de Barthel - Rexistro de intervencións/seguimentos dentro do apartado de cada obxectivo no Integra
Seguimento	Xullo 2026
Avaliación final	Decembro 2026

1.2. Ofrecer actividades de ocio e tempo libre na comunidade que respondan a intereses e demandas das persoas.	
Responsable	Área de Calidade de Vida
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Realizadas saídas de ocio semanalmente. Desenvoltas actividades de ocio e tempo libre en fin de semanas, mensualmente. Realizado un plan de ocio personalizado na comunidade por cada persoa. Realizadas dúas xornadas anuais de respiro familiar en fin de semana.
Indicador	- Rexistro de actividades de ocio e tempo libre desenvoltas ao longo do ano - Rexistro de intervencións recollidas no Integra coa descrición da actividade de ocio e tempo libre realizada por cada persoa - Enquisa de satisfacción das persoas participantes
Seguimento	Xullo 2026
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 2	Ofrecer actividade ocupacional orientada á contribución das persoas con discapacidade.

Accións

2.1. Desenvolver talleres que se adapten aos ritmos e contribucións valiosas que poden facer as persoas segundo os seus talentos persoais.	
Responsables	Área de Calidade de Vida
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Ofertada unha ampla variedade de talleres e actividades do interese das persoas que deron resposta ás demandas das mesmas
Indicador	- Rexistro de talleres e grupos - Rexistro de avaliación dos talleres desenvoltos - Cronograma de participación semanal da persoa - Rexistro do contido das reunións de seguimento levadas a cabo coas persoas por parte da profesional de referencia
Seguimento	Agosto 2026
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 3 Promover a artesanía como actividade de preparación para o emprego.

Accións

3.1. Solicitar o Selo de Artesanía de Galicia	
Responsable	Dirección-Xerencia e Administración
Data inicio	01/02/2026
Data final	01/06/2026
Resultado esperado	Distintivo da marca Artesanía de Galicia nos produtos artesás elaborados en AMIPA
Indicador	- Copia da solicitude presentada telemáticamente - Resolución - Número no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia
Seguimento	Xullo de 2026
Avaliación final	Decembro 2026

3.2. Aumentar o número de stands de Artesanía de AMIPA na comarca e noutras localizacións.	
Responsable	Dirección-Xerencia, Administración e Área de Calidade da Vida
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Aumentado o número de stands en comercios locais da comarca e novas localizacións
Indicador	- Rexistro documental e fotográfico actualizado de stands activos.
Seguimento	Xuño 2026
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 4	Promover unha boa comunicación e visibilización social do proxecto de AMIPA.

Accións

4.1. Elaborar un Manual de Comunicación Interna e Externa	
Responsable	Xunta Directiva, Dirección-Xerencia, Coordinación
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Manual de Comunicación Interna e Externa elaborado, aprobado pola Xunta Directiva e implementado na práctica organizativa.
Indicador	- Documento final do Manual aprobado formalmente. - Rexistro de difusión interna ao equipo e á Xunta Directiva. - Evidencias de aplicación (modelos de comunicación, protocolos, identidade gráfica, canles definidas).
Seguimento	Setembro 2026-Revisión do borrador e estado de elaboración.
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 5 | Novo recurso: centro de Atención Diúrna-Terapéutico

Accións

5.1. Posta en marcha do Centro de Atención Diúrna-Terapéutico	
Responsable	Xunta Directiva, Dirección-Xerencia, Coordinación, Administración
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Inaugurado e aberto ao público o novo recurso de centro de atención diúrna-terapéutico en 2027
Indicador	- Documento de cesión das instalacións do concello - Documentos para a formalización do convenio coa Xunta de Galicia para financiamento do recurso. - Documentos de autorizacións administrativas necesarias para a apertura do recurso. - Documento de proxecto técnico e memoria funcional do centro - Documentos de autorización de obra e execución da mesma - Facturas de obras e mobiliario para o novo recurso - Contrato de prestación de servizos coa Xunta de Galicia na modalidade de concerto social.
Seguimento	Xuño 2026
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 6	Desenvolver accións formativas e de desenvolvemento profesional para implementar na práctica profesional.

Accións

6.1. Desenvolver accións formativas dirixidas ao equipo profesional segundo as necesidades detectadas, garantindo a súa aplicación práctica na prestación do servizo.	
Responsable	Dirección-Xerencia, Coordinación
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Realizadas accións formativas a nivel de equipo para a implementación na prestación do servizo
Indicador	- Documento acreditativo de participación en formación - Rexistro interno de asistencia a formación - Documento de avaliación interna sobre a utilidade e aplicación práctica da formación.
Seguimento	Xuño 2026
Avaliación final	Decembro 2026

6.2.Visitar proxectos sociais innovadores, preferentemente do ámbito da discapacidade a nivel autonómico (VIDE, Asociación Raíña Paraíso, Carmelamola, CDR O Viso, Asociación Xoán XXIII e Cafetería Lume en O Porriño)	
Responsable	Dirección-Xerencia, Área de Calidade de Vida
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Visitados os seis proxectos mencionados de relevancia a nivel autonómico
Indicador	- Número de proxectos visitados - Rexistro documental das visitas realizadas (rexistro interno no que se recollan boas prácticas identificadas en cada visita, núm. propostas de mellora trasladadas ao equipo tras as visitas e evidencias de incorporación dalgunha boa práctica á realidade de AMIPA (se procede)
Seguimento	Agosto 2026
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 7	Ofertar información e formación ás familias segundo as necesidades detectadas.

Accións

7.1. Realizar xornadas informativas e de sensibilización coas familias das persoas con discapacidade intelectual.	
Responsable	Dirección-xerencia e Coordinación
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Realizadas accións informativas e formativas dirixidas ás familias en función das necesidades detectadas, favorecendo a súa participación, capacitación e acompañamento ao longo do ano.
Indicador	- Enquisas sobre detección de intereses en canto a temáticas por parte das familias. - Documentos informativos enviados ás familias. - Número de accións realizadas.
Seguimento	Xuño 2026
Avaliación final	Decembro 2026

OBXECTIVO 8	Impulsar a participación activa de AMIPA na vida comunitaria da comarca, fortalecendo alianzas e promovendo unha cultura inclusiva no ámbito rural.

Accións

8.1 Desenvolver un programa de participación comunitaria que articule eventos, alianzas, sensibilización, actividades inclusivas e voluntariado	
Responsable	Dirección-xerencia, Coordinación e Área de Calidade de Vida
Data inicio	01/01/2026
Data final	31/12/2026
Resultado esperado	Incrementada a presenza de AMIPA na comunidade e consolidada a súa participación en iniciativas e alianzas que promovan inclusión e sensibilización, en especial no ámbito rural.
Indicador	- Rexistro anual de eventos e accións comunitarias realizadas. - Número de colaboracións activas con entidades da comarca e fóra da mesma. - Rexistro de actividades inclusivas desenvoltas na comunidade. - Participación de persoas usuarias nas iniciativas comunitarias
Seguimento	Xuño 2026
Avaliación final	Decembro 2026